

DATA	27/05/2009
Nº	934

1024 RBF/mcm

O Concello de Culleredo, contratou o ano pasado a obra de construción dunha polideportiva en Almeiras, tando próximo o remate da mesma e a fin de poñela en funcionamento faise preciso dotala do equipamento necesario para a prestación do servizo. Polo Xefe de servizo de deportes e participación cidadá, achégase unha relación dos elementos preciosos para iniciar as actividades propias dunha Polideportiva.

Para cubrir tal necesidade, iniciouse a tramitación do correspondente expediente para a contratación da subministración do equipamento, determinando, pola cuantía do proxectos e en orde á simplificación dos procedementos administrativos e a diminución dos custes e cargas que recaen tanto sobre a entidade contratante como nos contratistas, ao abeiro do disposto polo artigo 154 e 155 Lei 30/2007, de contratos do sector público (en adiante, LCSP), o emprego do procedemento negociado sen publicidade.

O 17 de abril o Secretario Xeral emite informe sobre o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación. O 26 de maio a Intervención Municipal fiscaliza favorablemente o expediente.

Vistos os antecedentes que constan no expediente e de acordo co disposto no artigo 94 LCSP

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar o expediente para a contratación da subministración de equipamento para a Polideportiva de Almeiras.

**SEGUNDO.-** Aprobar os pregos de condicións administrativas particulares e os pregos de condicións técnicas.

**TERCEIRO.-** Establecer o procedemento negociado sen publicidade como sistema de adxudicación, de conformidade co disposto no artigo 157.f LCSP.

**CUARTO.-** Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación e publicar anuncio de solicitude de ofertas no diario La Voz de Galicia e no perfil de contratante deste Concello.

**QUINTO.-** Aprobar o correspondente gasto por importe de 52.842,48 €, IVE incluído, con cargo á partida 452-625 do orzamento en vigor (RC 200900006189)

Culleredo, 26 de maio de 2009  
A proposta de  
O xefe de sección de xestión  
orzamentaria

Conforme coa proposta, elévase a resolución  
Culleredo, .....de ..... de 2009  
A concelleira delegada de economía, facenda, réxime  
interior e seguridade

Asdo/ Roberto Babío Fernández

Asdo./ Alicia Ferreiro Varela  
(Resolución nº 1210/07 de data 2 de xullo de 2007; BOP nº176 , de 1/8/2007)

Dou fe,  
O Secretario Xeral

Intervenido e conforme,  
A interventora xeral

Asdo/ Raul Martínez Martínez

Asdo/ Ana Mª Prieto Martínez